



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

MARTES, 15 DE SETEMBRO DE 2020

N.º 212

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### Anuncio

###### EDICTO

###### NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMIENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza urbana, rústica e caracterísiticas especiais, Imposto sobre Actividades Económicas, exercicio 2020, segundo ó seguinte detalle:

###### -Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza urbana, rústica e caracterísiticas especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerrea, Begonte, Bóveda, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

\* Os padróns dos Concellos de Burela e Foz, exercicio 2020 foron aprobados por Resolución da Presidencia de data 3 de xuño de 2020 (publicados no BOP núm. 149 do 1 de xullo de 2020).

###### - Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerrea, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Os Padróns quedan expostos ao público nos taboleiros de anuncios do concello, da Deputación Provincial e Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia da Deputación Provincial, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 26 de agosto de 2020.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1949

##### Anuncio

###### ANUNCIO DE COBRANZA

###### Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencimiento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario dos impostos,

exercicio de 2020, que se relacionan, empezará a contar o día 15/09/2020 e finalizará o día 15/12/2020, ambos os dous incluidos.

Relación de tributos e concellos:

-Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana, rústica e caracterisiticas especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un duplicado en oficinas de ABANCA ou La Caixa-Caixabank, SA..

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobradorio e remítilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidad.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 26 de agosto de 2020.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1948

## CONCELLOS

### BURELA

*Anuncio*

### CONVALIDACIÓN

**O pleno corporativo en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de setembro de 2020** do Concello de Burela acordou convalidar o Decreto de Alcaldía número 2020-0511 de data 10 de agosto de 2020 polo que se aprobou o suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para a aplicación do superávit orzamentario, destinado a financiar gastos en Servizos Sociais e promoción social da política de gasto 23 por efecto da crise sanitaria de COVID-19, por un importe de 64.815,30 €, o que se publica aos efectos do artigo 20.2 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para fazer fronte ao COVID-19:

**Suplemento en Aplicacións de Gastos:**

Aplicación		Descripción	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
2313	489	Emerxencia social	3.800,00	64.815,30	68.615,30
<b>TOTAL</b>			3.800,00	<b>64.815,30</b>	<b>68.615,30</b>

**Cargo ao Remanente de Tesourería do ejercicio anterior:**

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	870.00	Remanentes de tesourería para gastos xerais	64.815,30
<b>TOTAL</b>				<b>64.815,30</b>

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 10 de setembro de 2020.-O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2093

#### *Anuncio*

O Pleno do concello de Burela, en sesión extraordinaria celebrada o día 08 de setembro de 2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 14/2020 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 38.974,10 €.

O expediente exponse ao público polo prazo de quince días, da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Todo iso, de conformidade ao establecido no artigo 177 en relación ao disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexistativo 2/2004, do 5 de marzo.

Burela, 10 de setembro de 2020.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2094

#### *Anuncio*

O Pleno do concello de Burela, en sesión extraordinaria celebrada o día 08 de setembro de 2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 13/2020 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais por importe de 242.523,13 €.

O expediente exponse ao público polo prazo de quince días, da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día siguiente ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Todo iso, de conformidade ao establecido no artigo 177 en relación ao disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexistativo 2/2004, do 5 de marzo.

Burela, 10 de setembro de 2020.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2095

## FRIOL

### Anuncio

#### **PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE POSTO DE TRABALLO DE TERAPEUTA OCUPACIONAL PARA SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE BEGONTE, FRIOL, GUNTÍN, PALAS DE REI E RÁBADE.**

No concello recibiu通知 da concesión de subvención para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá para 2020, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco operativo FSE Galicia 2014-2020. Elo segundo resolución do 19 de maio, publicada no DOG núm. 100, do 26/05/2020, en relación coa subvención solicitada ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2020, da Consellería da Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e á súa convocatoria para o ano 2020 ( DOG nº 16, de 24 de xaneiro). O Concello de Friol ten asinado convenio cos concellos de Begonte, Rábade, Guntín e Palas de Rei para por en marcha o devandito servizo de atención temperá, corresponde a xestión ao concello de Friol. Procedeuse á convocatoria para a provisión dos postos de traballo que a continuación se sinalan, cuxas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 14/07/2020

Un Logopeda (a media xornada)

Un Psicólogo (xornada completa)

Un Terapeuta Ocupacional (xornada completa)

Un Enfermeiro (xornada completa)

Por resolución de Alcaldía de data 12 de Agosto, aprobouse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de referencia e asimade establecese a composición do tribunal encargado da selección, que con posterioridade foi obxecto de modificación por resolución de 13 de agosto. O 25 de agosto realizouse o proceso selectivo, de conformidade coas bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 14/07/2020, na sede electrónica (friol.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello. Unha vez realizada a proba tipo test, as entrevistas persoais cos/as candidatos/as que continúan no proceso de selección, así como a valoración dos méritos alegados para a súa puntuación na fase de concurso, procedeuse á publicación do resultado provisional do proceso selectivo, resultando seleccionadas candidatas para os postos de enfermeiro/a, sicólogo/a e logopeda/a, segundo se reflexa na acta do órgano de selección. Con posterioridade, polo mesmo procedeuse á resolución das reclamacións presentadas e proposta definitiva, ditándose pola Alcaldía resolución en orde á formalización dos contratos para os postos seleccionados de logopeda, psicóloga e enfermeira.

VISTO que no proceso selectivo realizado, non se propuxo ningún candidato/a para o posto de terapeuta, por non ter superado a proba as persoas presentadas, polo tanto faise preciso a realización dunha nova convocatoria para elo, de conformidade coas bases no seu día aprobadas. Á vista da documentación obrante no expediente, no uso das facultades conferidas pola vixente lexislación, por resolución da Alcaldía de 9 de setembro, ordeouse:

- Realizar unha nova convocatoria en orde á provisión do posto de terapeuta ocupacional. Para o proceso de selección rexirán as bases aprobadas por resolución da Alcaldía de xullo do actual, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 160 de 14 de xullo. Non obstante, de conformidade co disposto no art. 109 da lei 39/2015 de 1 de outubro, no que se refire á rectificación de erros materiais ou de feito, no que se refire ao temario, e ainda que se considera que os erros non ofrecen dúbida en canto á identificación das normas sinaladas, fanse as seguintes correccións:
  - tema 1 de materias xerais onde di "Constitución Española de 1979" debe decir "Constitución Española de 1978".
  - tema 2 de materias específicas, onde di "Lei 39/2016 de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia", debe decir "Lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia",
- A convocatoria realizarase mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados/as presenten as súas solicitudes no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, que se publicará ademais no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (friol.sedelectronica.gal). No caso de que o proceso remate en día inhábil, entenderase prorrogado ata o día hábil seguinte. Os sucesivos anuncios publicaranse únicamente no taboleiro de anuncios e na sede electrónica.
- Encargarase do proceso de selección o mesmo órgano que realizou o primeiro proceso selectivo, no que quedou vacante o posto que se convoca. Actuará conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e supletoriamente, conforme ao previsto na vixente lexislación.

Friol, 10 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

**ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE PERSOAL**

D./D.<sup>a</sup>.....  
con DNI/NIF núm....., con domicilio a efectos de notificacións e comunicacións  
en .....CP.....  
localidade..... teléfono..... endereço electrónico.....

**EXPÓN:**

1.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección do posto de terapeuta ocupacional para o Servizo de Atención Temperá dos concellos de Begonte, Friol, Guntín, Palas de Rei e Rábade, segundo as bases publicadas no BOP núm. 160 de data 14 de xullo.

2.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3<sup>a</sup> de selección para participar no presente proceso selectivo.

3-Que coñeo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

**SOLICITA:**

Participar no proceso de selección para terapeuta ocupacional, segundo a convocatoria realizada para a prestación do servizo de atención temperá.

A tal fin achega a documentación que se cita:

- Copia cotexada do DNI
- Outros documentos.

Friol ,..... de ..... de 2020

O/a solicitante

Asinado: -----

Deberá acompañara o ANEXO II VALORACIÓN DE MÉRITOS, SEGUNDO O MODELO PUBLICADO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA NÚM. 160 DE 14 DE XULLO.

Friol, 9 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2096

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía o padrón do 1º trimestre do ano 2020 correspondente a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, queda de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se presenten reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente padrón, poderá interpoñerse con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2020, terá lugar dende o día 14/09/2020 ao 14/11/2020(ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunhas das seguintes modalidades:

- Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiro faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 9 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2097

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

#### CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DO CONCELLO DE PASTORIZA QUE CURSAN ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL CURSO 2019/2020

Unha vez aprobadas por Decreto de Alcaldía número: 2020-0123 de data: 10/09/2020 as bases reguladoras para a convocatoria de axudas para o transporte escolar de alumnos/as do Concello de Pastoriza que cursen estudios post-obrigatorios fóra do termo municipal, remítense ao BOP o contido das bases reguladoras aos efectos de outorgarlle publicidade a dita convocatoria:

#### **BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DO CONCELLO DE PASTORIZA QUE CURSAN ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL CURSO 2019/2020**

##### **1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS**

O obxecto desta convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquellas familias que polas súas condicións socioeconómicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos de desprazamento dos/as estudiantes fora do termo municipal. Polo tanto, o obxecto destas

bases é a concesión de axudas a familias para sufragar parcialmente o custe do traslado dos/as estudiantes que cursen, fóra do termo municipal e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, algúns dos estudos, non universitarios, que non se imparten no Concello da Pastoriza e sempre que se trate de desprazamentos dentro da Comunidade Autónoma , en concreto:

- **Educación secundaria postobrigatoria: 1º e 2º curso de bacharelato (que non se imparta nun centro do Concello da Pastoriza) e/ou 1º e 2º curso de formación profesional de grao medio.**

Quedan excluídas desta convocatoria de axudas, as ensinanzas universitarias ou equivalentes e as ensinanzas de réxime especial (ensinanzas de idiomas, artísticas ou deportivas) de grado superior.

## 2. BENEFICIARIAS/OS

### 2.1 Requisitos para ter a condición de beneficiarios/as

Teñen a condición de beneficiarios os estudiantes que cumpran os requisitos que se indican a continuación:

a. Toda a unidade familiar deberá estar empadroada no Concello da Pastoriza, con carácter efectivo e acreditado con polo menos 12 meses de antelación á publicación das bases reguladoras. Sendo documento acreditativo o certificado de empadroamento colectivo ou de convivencia.

b. Estar cursando ou ter fillas/os cursando algúns dos estudos indicados no punto 1 de estas bases nalgún centro educativo sostido con fondos públicos, no curso 2019-2020 e terse presentando alomenos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do citado curso.

c. Non ser, ningún membro da unidade familiar, debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social.

d. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello da Pastoriza.

e. Non estar incuso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

f. O alumno para o que se solicita a axuda deberá ser menor de 30 anos.

No suposto de estudiantes menores de idade terá a condición de beneficiario o pai nai ou titor do mesmo quem deberá presentar a solicitude e documentación correspondente ao estudiante.

### 2.2 Obrigas dos beneficiarios/as:

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas ante o Concello da Pastoriza:

a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en transporte escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación.

b. Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.

c. Comunicar ao Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

d. Asistir ás clases con regularidade

e. As restantes previstas na normativa reguladora de subvencións.

## 3. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para proceder á adxudicación das axudas e a determinación do seu importe terase en conta a **Renda per cápita anual familiar**

### a. RENDA PER CÁPITA FAMILIAR

Enténdese por renda per cápita familiar a suma das rendas familiares dividida entre o número de membros da unidade familiar computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

### b. DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR.

Para efectos do cálculo da renda per cápita, son membros computables o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, a persoa solicitante, as/os irmáns solteiros menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2019, ou as/os maiores desta idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, e/ou ascendentes dos pais que residan no mesmo domicilio.

No caso de que algún dos proxenitores ou titores do/a menor non conviva no domicilio familiar deberá ser xustificado documentalmente mediante sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica. Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o novo

cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio se incluirán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ó 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, para o que se presentará unha declaración xurada segundo modelo Anexo IV

#### c. DETERMINACIÓN DOS INGRESOS TOTAIS DA UNIDADE FAMILIAR

Os ingresos totais da unidade familiar serán o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en de dea comezo o curso escolar que se subviciona, de cada un dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza.

Nesta convocatoria terase en conta os ingresos do exercicio 2019 para os efectos de determinar a renda per cápita familiar dos solicitantes.

A renda familiar calcularase pola agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado mediante a presentación das copias certificadas pola administración tributaria das declaracíons do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracíons do IRPF.

#### 4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326/480 "Servizos complementarios de educación. Transferencias a persoas ou institucións sen ánimo de lucro" cun crédito máximo para esta convocatoria de 12.000 €. En todo caso, o importe total das axudas non poderá superar o importe máximo dos créditos habilitados ao efecto no correspondente orzamento municipal.

A contía das axudas para transporte escolar quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR	CONTÍA DA AXUDA <sup>1</sup>	%
Ata 4.000,00 €/anuais	467,00 €	100%
De 4.001,00 a 8.000,00 €/anuais	400,00 €	85%
De 8.001,00 a 12.000,00 €/anuais	333,00 €	71%
De 12.001,00 a 16.000,00 €/anuais	267,00 €	57%
De 16.001,00 a 20.000,00 €/anuais	200,00 €	42%
Máis de 20.000,00 €/anuais	167,00 €	35%

No caso de que supere o importe fixado no orzamento municipal a porcentaxe ou importe establecida reducirase proporcionalmente tendo en conta o número de solicitudes presentadas.

#### 5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (pai/nai/titor legal ou alumna/o maior de idade) segundo o modelo oficial dispoñible no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello [www.apastoriza.sedelectronica.gal](http://www.apastoriza.sedelectronica.gal). e nas oficinas municipais.

A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no caso de ser menor de idade, do pai, nai ou titor que solicite a axuda.
- 2) Fotocopia do libro de familia.

<sup>1</sup> As contías das axudas, de maneira excepcional e soamente por este ano, foron diminuídas proporcionalmente ao tempo efectivo das clases (dende o comezo do curso ata á suspensión das mesmas como consecuencia da pandemia polo COVID-19).

- 3) Certificado de empadroamento colectivo ou de convivencia (que se obterá de oficio polo Concello)
- 4) Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2019 dos membros da unidade familiar que estivesen obrigados a presentala, ou na súa falta, certificación negativa de non realizala expedida pola Delegación de Facenda.
- 5) Acreditación da condición de estudiante mediante copia da matrícula do curso actual ou no seu defecto certificación expedida polo centro educativo de terse matriculado alomenos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do curso 2019-2020
- 6) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
- 7) Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade, do pai, nai ou titor de que se atopa ao corrente nas obligacións tributarias (Administración Estatal, Autonómica e Local) e da Seguridade Social. (Anexo I)
- 8) Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade, do pai, nai ou titor na que se exprese a seu compromiso de aplicar o importe da axuda á finalidade para a que se pretende a subvención e de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. (Anexo I)
- 9) Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade, do pai, nai ou titor de tódalas axudas solicitadas ou non e concedidas para a mesma finalidade doutras administracións ou entidades públicas ou privadas (Anexo I)
- 10) Calquera outra documentación acreditativa de situación declaradas polos/as solicitantes tales como: separación, divorcio, minusvalías etc.. aos efecto do cálculo dos ingresos per cápita.

## 6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, Praza de Galicia, 1 - Pastoriza ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

## 7. PUBLICIDADE

Esta convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello da Pastoriza e da sede electrónica [www.apastoriza.sedelectronica.gal](http://www.apastoriza.sedelectronica.gal). sen prexuízo de outras modalidades de publicidade e anuncios que garantan o seu coñecemento por parte das persoas interesadas.

## 8. PROCEDIMENTO

### 8.1. Instrucción e órgano de instrutor

O órgano competente para a instrucción do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se base a proposta de resolución, será a o Alcalde como responsable da área de educación.

O órgano instrutor, comprobará a documentación presentada e o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases elaborando unha relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas, e unha vez revisados os expedientes someteraos a informe da Comisión Avaliadora.

No caso de que se aprecien defectos formais na solicitude ou na documentación que a acompaña ou sexa necesario achegar documentación complementaria que se considere necesaria daráselle aos solicitantes un prazo de 10 días hábiles para emendalos.

### 8.2. Valoración e selección. Comisión avaliadora.

Presentadas as solicitudes e revisados os expedientes formalmente completos serán valorados por unha Comisión Avaliadora.

A Comisión Avaliadora estará composta por:

PRESIDENTA/E: O Alcalde Presidente, como responsable da área de educación, ou persoa en quen delegue.

VOGAIS:

-Dous representantes do IES Fonmiñá

-a Traballadora social do Concello

-o secretario-interventor do Concello

SECRETARIA/O: un funcionario ou persoal laboral do Concello.

A Comisión Avaliadora procederá a examinar, comprobar e verificar a documentación, presentada e valorar as solicitudes de conforme aos criterios previstos na base 3 e 4, emitindo unha proposta de resolución na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada, indicando a concesión ou denegación da axuda, a súa contía e os criterios de valoración que dan lugar a súa proposta.

A proposta remitirase á Xunta de Goberno Local.

### **8.3. Resolución**

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal para a súa fiscalización, e á vista da proposta emitida pola Comisión Avaliadora acordará a concesión ou denegación das axudas, acordo que será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

As axudas concedidas notifíquense individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

## **9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

### **9.1 Xustificación**

A xustificación destas axudas entenderase realizada coa presentación no Rexistro Xeral do Concello da seguinte documentación:

- matrícula no curso correspondente ou certificado do centro educativo de terse presentado alomenos o 50% das materias correspondentes á matrícula do curso 2019-2020
- do boletín de notas
- certificado ou informe do centro onde realiza os estudos facendo constar a asistencia ás clases durante o curso.
- certificación do número de conta bancaria co IBAN da que sexa titular o solicitante ou no caso de ser menor , do seu representante legal.

**O prazo límite para presentar a xustificación conforme ao disposto nos parágrafo anterior será ata o 15 de decembro de 2020**

### **9.2 Pagamento**

O aboamento da subvención realizarase, preferentemente, mediante transferencia bancaria emitida a nome da persoa solicitante.

## **10. COMPATIBILIDADE**

As axudas reguladas nestas bases son compatibles con outras subvencións, axudas ao estudio ou becas concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou entidades privadas

## **11.RECURSOS**

Contra a resolución de concesión das axudas se poderá interpoñer no prazo dun mes, contado a partir do seguinte á notificación da resolución, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución ou ben interpoñer directamente ante a Xurisdicción Contenciosa-Administrativa recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente.

## **12. RÉXIME XURÍDICO**

De conformidade coa disposición adicional quinta da Lei xeneral de Subvencións, o réxime xurídico será conforme, no que resulte aplicable, á Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeneral de Subvencións, Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e demais normas concordantes.

A Pastoriza,10 de setembro de 2020.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 2098

## SARRIA

*Anuncio*

### CORRECCION DE ERRO.

Por parte do Concello de Sarria publicouse oferta de emprego para profesorado da Escola de Música do Concello, producindose un erro na sua publicación:

Donde aparece "Profesor/a de percusión" debe aparecer "**Profesor/a de frauta**"

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturais a contar dende o día seguinte a publicación desta corrección no Boletín Oficial da Provincia.

Sarria, 11 de setembro de 2020.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2099

---

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

*Anuncio*

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO,  
**HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 13/2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. RABIA KORCHI contra MIGUEL ANTONIO INFANTE REYNOSO sobre ORDINARIO, se ha dictado decreto de aclaración de fecha 9/09/2020 cuya parte dispositiva dice literalmente:

**"ACUERDO: Rectificar el error aritmético** advertido en el decreto de fecha 2/09/2020 respecto de la cantidad por la que se declara la insolvencia del ejecutado **MIGUEL ANTONIO INFANTE REYNOSO**, que es la de **1.627,44 euros**, y no la de 1.267,44 euros; manteniéndose por lo demás el contenido de la citada resolución.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo carga procesal de las partes y de sus representantes mantenerlos actualizados. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

Contra este decreto no cabe interponer recurso alguno distinto al que en su caso pudiera interponerse frente a la resolución modificada.

### EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA"

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a MIGUEL ANTONIO INFANTE REYNOSO, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO y LEÓN.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, nueve de septiembre de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2100

---

## XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

*Anuncio*

